

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DAS PERSOAS PROXENITORAS/TITORAS LEGAIS

AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa *Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29 de setembro)*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAS PROXENITORAS/TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 persoa proxenitora/titora legal**, dun total de **3** que debe ter o Consello Escolar. **O terceiro representante é designado pola ANPA.**

2.- Son **electores todas as persoas proxenitoras ou, se é o caso, as persoas titoras legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo** correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións** ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 15 de novembro**.

3.- Son **elixibles as persoas proxenitoras ou, se é o caso, as persoas titoras legais, que formulen a súa candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro.

4.- As **candidaturas** correspondentes **poderanse presentar a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 12 de novembro**.

5.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en **acto público**, entre as persoas proxenitoras/titoras legais que non se presenten como candidatos/as, o **17 de novembro, ás 12:00 horas**. Dita **mesa electoral estará composta pola directora do centro**, que actuará como **Presidenta**, e **catro persoas proxenitoras ou persoas titoras legais**, actuando de **secretario/a a persoa de menor idade**.

6.- A **campaña electoral** comprenderá do **18 ao 22 de novembro**, ambos os dous días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro. A véspera das votacións non se poderá facer campaña electoral.

7.- Poderán actuar como **supervisores da votación as persoas proxenitoras/titoras legais** do alumnado matriculado no centro que sexan **propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as**.

8.- As **votacións** realizaranse neste centro o **día 24 de novembro, de 12:30 a 14:45 horas**. A **mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:00 horas**.

9.- Na **papeleta de votación** cada elector/a **fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados**, debendo acreditar a súa identidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será **directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo**.

10.- Teñen **dereito ao voto a persoa proxenitora ou, se é o caso, a persoa titora legal do alumnado**.

11.- Finalizada a votación procederase ao **escrutinio dos votos**, que será **público**, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do centro.

12.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se podan formular.

Mondoñedo, 3 de novembro de 2021

A presidenta da Xunta Electoral

María Josefa Cuesta Fernández